



## Á FISCALÍA DA AUDIENCIA PROVINCIAL

con Documento de Identidade l con enderezo a.....  
efectos de notificacións na Avda Alfonso Molina, s/n- 6º andar (Edificio Sindical) da cidade da Coruña,  
perante esa Fiscalía comparezo e como mellor proceda en Dereito, DIN:

Que, por medio deste escrito presentamos **DENUNCIA** contra das persoas que logo se dirán, solicitando que se incoen as oportunas dilixencias informativas nas que se practiquen as probas necesarias para determinar se os feitos que se expoñen puideran ser constitutivos de infracción penal, e nese caso, se emprendan as accións legais oportunas que permitan depurar os seguintes

### FEITOS

**PRIMEIRO.-** Os comparecente actúa en nome propio como representante da Federación de Saúde da Confederación Intersindical Galega (CIG).

**SEGUNDO.-** Que os feitos que motivan esta denuncia están en relación cun requirimento feito pola Inspección de Traballo e Seguridade Social da Coruña ao E.O.X.I. da área sanitaria da Coruña.

**TERCEIRO.-** Que en Febreiro do 2017 por indicación da denunciante se interpón denuncia na Inspección de Traballo e Seguridade Social (que se adxunta) polo estado da U.C.I. da 5ªB (Unidade de referencia de lesionados medulares, shock séptico...), planta do edificio principal do Hospital Universitario de A Coruña (H.U.A.C.).

**CUARTO.-** Que se denunciaba:

- Ratios de persoal por debaixo do determinado polo propio hospital
- **Nula ventilación da unidade e altas temperaturas**
- O cuarto de descanso é tan precario que foi deixado de utilizar pola meirande parte das traballadoras, polo tanto, non poden facer descanso, por que non poden abandonar a unidade (isto posto en relación cos ratios de persoal por debaixo do que deberían de ter).
- Non teñen baño cerca, polo tanto cando alguén ten que ir ao baño, outra compañeira ten que asumir a vixianza dos internos, co perigo que isto supón.

**QUINTO.-** Que a Inspección de traballo e Seguridade Social da Coruña, logo dalgunha xuntanza coas partes, formula requirimento (que se adxunta) á Xerencia de Xestión Integrada da Coruña onde se constata diversas irregularidades e se practican os seguintes requirimentos:

- Que se solucione a ausencia de renovación do aire e altas temperaturas (mais aló do marcado no RD 486/97)
- Que se solucionen os problemas de escaseza de persoal (problema grave en canto á atención de pacientes moi delicados).

**SEXTO.-** Que o requirimento da Inspección de Traballo foi obviado nas dúas cuestións que se relacionaron no punto QUINTO, que non son cuestións menores xa que falamos dunha unidade de vixianza intensiva.

SETIMO.- Que na actualidade sigue todo igual, é dicir, seguen incumprindo o requirimento da ITSS pero están a utilizar esas instalacións para pacientes COVID CONFIRMADOS e COVID pendentes de resultado da proba, sendo tan importante a ventilación cando se trata da contención do virus.

OITAVO.- Que a empresa ten a súa sede en Xubias de Arriba, 84 15006 no Concello de A Coruña.

NOVENO.- Que a comparecente entende que o responsábel do ilícito penal é: LUIS VERDE REMESEIRO (Xerente da Area Sanitaria A Coruña-Cee, órgano herdeiro do E.O.X.I.) que debe ser citado Xubias de Arriba, 84 15006 no Concello de A Coruña, por ser o máximo responsable do incumprimento dun mandato (requirimento da ITSS) e xa que logo estar cometendo un delito de prevaricación administrativa.

Polo exposto

**SOLICITO Á ESA FISCALIA** que tendo por presentado este escrito de **DENUNCIA**, o admita e, na súa virtude, acorde incoar dilixencias informativas nas que se practiquen as dilixencias necesarias, entre elas o interrogatorio dos denunciados, para determinar se os feitos denunciados puidesen ser constitutivos de infracción penal e, nese caso, emprenda as accións legais que considere oportunas, notificando en todo caso a resolución que dite; por isto ser conforme a Dereito.

A Coruña, a 2 de novembro de 2020



**CIG**  
Confederación Intersindical Galega  
UNIÓN COMARCAL DE A CORUÑA  
15008 A CORUÑA